

cer o contido básico da dita oficialidade (STC 337/1994, do 23 de decembro) e, ademais, determinar as medidas que sexan precisas para o fomento ou a normalización da súa lingua propia (STC 74/1989, do 24 de abril, e 337/1994, do 23 de decembro).

En cumprimento da normativa constitucional e estatutaria, as comunidades autónomas con lingua oficial propia distinta do castelán aprobaron varias leis de política lingüística, normalización lingüística ou ensino e uso das respectivas linguas propias que conteñen normas distintas para a regulación da dobre oficialidade con varias opcións, entre outros ámbitos, no dos rexistros públicos.

No desenvolvemento legal do recoñecemento da realidade plurilingüe de España, é ao Estado a quen lle corresponde, en virtude da súa competencia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, establecer a regulación do Rexistro Civil, regulación estatal que debe respectar, en canto ao uso das linguas no dito rexistro público, o principio de dobre oficialidade contido nas lexislacións autonómicas correspondentes. Desta maneira concílianse as actuacións que en materia de uso das linguas no Rexistro Civil lles corresponden ao Estado e ás comunidades autónomas con outra lingua oficial ademais do castelán.

Esta lei establece unha norma de carácter xeral en virtude da cal os asentos se deben realizar nunha lingua oficial no territorio en que radica o rexistro e establece que nas comunidades autónomas con lingua oficial propia distinta do castelán as follas dos libros do Rexistro Civil, os impresos, os selos e os sistemas informáticos se distribúen nas dúas linguas oficiais.

Artigo único. *Modificación da Lei do Rexistro Civil.*

Engádesse un novo parágrafo ao final do artigo 23 da Lei do Rexistro Civil, do 8 de xuño de 1957, co seguinte texto:

«Os asentos realizaranse en lingua castelá ou na lingua oficial propia da comunidade autónoma en que radica o Rexistro Civil, segundo a lingua en que estea redactado o documento ou en que se realice a manifestación. Se o documento é bilingüe, serán realizados na lingua indicada por quen o presente ao rexistro. Todo iso sempre que a lexislación lingüística da comunidade autónoma preveña a posibilidade de redacción dos asentos dos rexistros públicos en idioma cooficial distinto do castelán.»

Disposición adicional única. *Distribución de follas, impresos e selos.*

A partir da entrada en vigor das disposicións regulamentarias previstas na disposición derradeira e para os efectos do establecido nesta lei, nas comunidades autónomas con lingua oficial propia distinta do castelán as follas dos libros do Rexistro Civil, os impresos e os selos serán distribuídos impresos en cada unha das linguas oficiais.

Disposición transitoria única. *Rexistros civís non informatizados.*

Aos rexistros civís que non estean informatizados no momento da entrada en vigor desta lei seralles de aplicación o previsto no último parágrafo do artigo 23 da Lei do Rexistro Civil segundo a súa incorporación efectiva ao proceso de informatización.

Disposición derradeira única. *Desenvolvemento regulamentario.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará as disposicións regulamentarias necesarias para que a práctica dos asentos e a emisión de certificacións ou outro tipo de documentos se poidan realizar nas linguas oficiais na comunidade autónoma correspondente.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**10624** *REAL DECRETO 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais. («BOE» 149, do 23-6-2005.)*

As reformas introducidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, no que se refire aos seus artigos primeiro (colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social), sexto (reforzamento da vixilancia e do control do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais), oitavo (habilitación de funcionarios públicos), décimo quinto (infraccións por obstrución), décimo sétimo (contido das actas) e, en particular, o desenvolvemento regulamentario que se prevé no terceiro parágrafo engadido na nova redacción do punto 2 do artigo 9 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, respecto aos novos cometidos atribuídos aos funcionarios públicos dependentes das administracións públicas que exercen labores técnicos en materia de prevención de riscos laborais, afectan necesariamente o contido do Regulamento xeral sobre procedementos para imposición de sancións por infraccións na orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, así como o Regulamento de organización e funcionamento

da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, que, inevitablemente, se deberán modificar en consonancia coas innovacións introducidas pola citada Lei 54/2003, do 12 de decembro.

En concreto, as distintas modificacións normativas que se prevén de ambos os regulamentos pretenden asegurar que as actuacións comprobatorias realizadas polos ditos funcionarios públicos en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social se efectúen conforme unha serie de principios que garantan:

- a) A coherencia do sistema de inspección baixo a actuación de criterios comúns e traballo programado.
- b) Que os funcionarios técnicos habilitados para exercer eses labores comprobatorios o sexan en relación coa súa capacitación técnica e actúen conforme un procedemento regrado e común.
- c) Que as actuacións previas practicadas polos ditos funcionarios, en que se detecten irregularidades, tras un requirimento inicial, poidan dar lugar directamente a unha acta de infracción expedida polos inspectores de Traballo e Seguridade Social, sen necesidade de que estes realicen obrigatoriamente unha visita posterior de comprobación, arbitrando para iso os mecanismos necesarios en relación cos datos que deben ser incorporados aos informes dos ditos técnicos habilitados, para a súa posterior integración nas correspondentes actas de infracción, así como en relación coa salvagarda da «presunción de certeza» respecto dos feitos comprobados polos ditos técnicos.

Neste sentido faise preciso recordar que existe unha doutrina reiterada da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo (así, as sentenzas do 21 de xaneiro de 1997, do 27 de abril de 1998 e do 14 de decembro de 1999) en virtude da cal a presunción de veracidade e de certeza de que gozan as actas da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sempre que se expidan coas condicións e requisitos exigibles, se mantén cando, mediante comprobación ou expediente administrativo, e sen necesidade de visita do inspector actuante, se expidan a partir de comprobacións e visitas realizadas por funcionarios doutros corpos legalmente habilitados (os antigos controladores de emprego do INEM, logo controladores laborais).

Todo iso parece aconsellar, por razóns de lóxica e técnica normativa, que as modificacións de ambos os textos regulamentarios se agrupen nun só real decreto.

Por outro lado, aínda que a normativa regulamentaria de desenvolvemento do novo parágrafo terceiro engadido ao punto 2 do artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, lle corresponde ao Estado en canto que lexislación laboral, de acordo co artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución española, a dita normativa regulamentaria deberá ser respectuosa coas competencias autonómicas, particularmente en canto á habilitación dos técnicos por cada unha das comunidades autónomas e naqueles aspectos que só supoñan autoorganización da respectiva Administración.

Como consecuencia de todo o anterior, por este real decreto introdúcese cadansúa modificación en dous reais decretos, mediante a agregación de novas disposicións, que se estruturan en dous artigos, unha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras.

No artigo primeiro modifícase o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, ao cal se engade un novo título IV que se denomina «Do réxime de colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social dos funcionarios públicos dependentes de administracións públicas que exercen

labores técnicos en materia de prevención de riscos laborais, para o exercicio das funcións a que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro».

O referido título IV estrutúrase en tres capítulos. O capítulo I comprende os artigos 58 a 60 e refírese aos requisitos dos funcionarios técnicos para o exercicio de accións comprobatorias, entre os cales se establece o de contar coa titulación universitaria e a formación mínima prevista no artigo 37 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, para o exercicio das funcións preventivas de nivel superior; igualmente, determínase o seu réxime de habilitación e o ámbito funcional da dita actuación; no capítulo II, que comprende os artigos 61 e 62, desenvólvense as facultades e deberes dos ditos técnicos habilitados, e o capítulo III, que comprende os artigos 63 a 67, denomínase «actuacións dos técnicos habilitados».

No artigo segundo modifícase o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, ao cal se engade un capítulo VIII baixo o seguinte título: «Procedemento sancionador derivado da actuación previa de funcionarios, técnicos habilitados polas comunidades autónomas con competencias en execución da lexislación laboral, e do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo». Este capítulo desenvólvese en catro artigos, do 39 ao 42.

Con independencia diso, convén prever, en relación coa materia que nos ocupa, unha previa acción formativa e de información aos técnicos habilitados, que se articula na disposición adicional primeira, mediante a cooperación entre a Administración xeral do Estado e as administracións autonómicas que exercen competencias en materia de prevención de riscos laborais, en que a Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, na súa condición de autoridade central do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social, cooperará mediante a impartición de cursos relacionados cos aspectos xurídicos e procedementais que derivan da asunción destas novas competencias polos técnicos habilitados, para o reforzo da acción da Inspección de Traballo e Seguridade Social en materia de prevención e control dos riscos laborais.

Así mesmo, mediante a disposición derradeira primeira modifícase o artigo 23 do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, anteriormente citado, ao cal se lle engade un punto 4, en que se establece que nas ordes de servizo, dado o seu carácter singular, non serán exigibles outras actuacións á marxe do servizo encomendado, para reforzar a seguridade xurídica na actuación dos inspectores de Traballo e Seguridade Social, ante algunhas interpretacións xudiciais que entenderon que todas as visitas deberían ter carácter integral.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, as autoridades laborais competentes das comunidades autónomas, e obtívose o acordo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2005,

## DISPÓÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro.*

Engádesse un título IV ao Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, coa seguinte redacción:

## «TÍTULO IV

**Do réxime de colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social dos funcionarios públicos, dependentes das administracións públicas que exercen labores técnicos en materia de prevención de riscos laborais, para o exercicio das funcións a que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro**

## CAPÍTULO I

**Requisitos dos funcionarios técnicos para o exercicio de actuacións comprobatorias, réxime de habilitación e ámbito funcional da dita actuación**

**Artigo 58.** *Requisitos dos funcionarios para o exercicio de actuacións comprobatorias.*

1. A colaboración pericial e o asesoramento técnico á Inspección de Traballo e Seguridade Social por parte dos funcionarios públicos, técnicos en prevención de riscos laborais, dependentes das comunidades autónomas, así como os do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, no caso das cidades de Ceuta e Melilla, desenvolverase nos termos que se establecen no artigo 9.2 e 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2. Para o exercicio da dita colaboración, mediante actuacións comprobatorias, co alcance sinalado no artigo 9.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e con capacidade de requirimento, os funcionarios referidos no punto anterior deberán cumprir, como mínimo, os requisitos seguintes:

1.º Contar coa habilitación correspondente a que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, na súa redacción dada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo de prevención de riscos laborais, e á cal se refire o artigo seguinte.

2.º Pertencer a corpos dos grupos A ou B.

3.º Contar coa titulación universitaria e a formación mínima prevista no artigo 37.2 e 3 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, para poder exercer as funcións de nivel superior nas especialidades e disciplinas preventivas en que estean acreditados a que se refire o dito regulamento, ou ter sido validados para o exercicio de tales funcións de nivel superior, conforme a disposición adicional quinta do mesmo regulamento.

**Artigo 59.** *Réxime de habilitación.*

1. A habilitación dos ditos funcionarios corresponderalles ás respectivas autoridades autonómicas competentes, que a levarán a cabo de acordo co procedemento e as condicións establecidos na súa propia normativa. Cando se trate do exercicio das ditas funcións no ámbito das cidades de Ceuta e Melilla, a súa habilitación corresponderalle á autoridade central da Inspección de Traballo e Seguridade

Social, por proposta do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

2. Para tales efectos, as autoridades sinaladas expedirán o documento oficial que acredite a súa habilitación. Neste documento figurará a denominación «técnico habilitado (artigo 9.2 e 3 e disposición adicional décimo quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro)» e os suxeitos sometidos a actuacións comprobatorias terán dereito a solicitar a súa acreditación nas visitas de comprobación e control das condicións de seguridade que realicen aos seus locais e centros de traballo.

3. Para a súa habilitación rexerán as regras de incompatibilidade establecidas no artigo 62.2.

4. A habilitación específica dos ditos funcionarios quedará sen efecto cando o determine a mesma autoridade que a conferiu e, en todo caso, cando non concorran ou se alterasen os requisitos e a aptitude para o desempeño destas funcións a que se refire o artigo anterior, ou se incumpran as obrigas previstas no artigo 62.

**Artigo 60.** *Ámbito funcional das actuacións comprobatorias dos técnicos habilitados e principios xerais de actuación.*

1. As funcións de comprobación e control nas empresas e centros de traballo estarán referidas ás condicións de traballo materiais ou técnicas de seguridade e saúde, conforme o artigo 9.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e serán as seguintes:

a) As características dos locais e instalacións, así como as dos equipamentos, ferramentas, produtos ou substancias existentes no centro de traballo.

b) A natureza dos axentes físicos, químicos e biolóxicos presentes no ambiente de traballo e as súas correspondentes intensidades, concentracións ou niveis de presenza.

c) Os procedementos para a utilización dos axentes citados anteriormente que inflúan na xeración de riscos para a seguridade ou saúde dos traballadores.

d) As características e a utilización dos equipamentos de protección, tanto colectiva como individual.

e) A realización dos recoñecementos médicos e a súa adecuación aos protocolos sanitarios específicos de vixilancia da saúde, establecidos no artigo 37.3.c) do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

f) A adaptación dos postos de traballo ás exigencias de natureza ergonómica.

2. Os devanditos técnicos habilitados, no exercicio de tales funcións comprobatorias, actuarán baixo o principio de traballo programado, establecido no artigo 19.1 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e conforme os plans e programas comúns establecidos pola correspondente comisión territorial de inspección ou do grupo de traballo específico que esta estableza para o efecto.

## CAPÍTULO II

**Facultades e deberes dos técnicos habilitados**

**Artigo 61.** *Facultades dos técnicos habilitados.*

1. Os técnicos habilitados, no exercicio das actuacións de comprobación e control das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde ás cales se refire o artigo anterior, e na súa condición de colaboradores coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, están facultados para:



a) Entrar libremente e sen previo aviso nas empresas e centros de traballo suxeitos ás ditas actuacións, nos cales poderán permanecer, sen prexuízo da inviolabilidade do domicilio.

b) Facerse acompañar durante as visitas polos peritos e técnicos da empresa ou habilitados oficialmente que coide necesarios para o mellor desenvolvemento da súa actuación. Todo isto sen prexuízo do cumprimento da obriga establecida no artigo 62.1.d).

c) Proceder a practicar calquera comprobación ou realización de exame, medición ou proba que considere necesarios para tales fins.

d) Solicitar información adicional ou documental sobre calquera condición material ou técnica suxeita a comprobación.

e) Obter información do empresario ou do persoal da empresa sobre calquera asunto relacionado coa comprobación de condicións materiais ou técnicas.

f) Exixir a comparecencia do empresario, dos seus representantes e encargados, dos traballadores ou dos seus representantes, tanto no centro de traballo suxeito a comprobación como na oficina sede do organismo público a que o técnico acreditado estea adscrito, así como exixir, de ser o caso, a identificación e acreditación da representación coa cal actúan.

g) Examinar no centro de traballo, ou na oficina pública correspondente, a documentación, memorias e informes técnicos relacionados coas condicións materiais e de seguridade, así como sobre a organización preventiva, o plan de prevención, a avaliación de riscos, a planificación preventiva e demais cuestións relativas á xestión da prevención, en tanto en canto se relacionan coas condicións materiais e técnicas suxeitas a comprobación.

h) Sacar mostras de substancias, axentes e materiais utilizados ou manipulados en establecemento, realizar medicións, obter fotografías, vídeos, gravación de imaxes e levantar esbozos e planos sempre que se lle notifique ao empresario ou ao seu representante, e obter copias e extractos dos documentos a que se refire o parágrafo anterior.

#### Artigo 62. *Deberes dos técnicos habilitados.*

1. Os técnicos habilitados, no exercicio das actuacións de comprobación e control das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde a que se refire o artigo anterior:

a) Requirirán do empresario a adopción de medidas para a emenda das deficiencias observadas cos mesmos requisitos que establece o artigo 43 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

b) No caso de que no curso da visita se aprecie a existencia dun risco grave e inminente, deberá practicar o requirimento pertinente para o seu cumprimento inmediato polo empresario e, no caso de que non adopte ou poida adoptar puntualmente o empresario as medidas para a súa pronta emenda ao longo da visita, deberase pór tal circunstancia urxentemente en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social para que esta adopte as medidas de paralización ou cautelares correspondentes. Nestes casos o inspector a quen se lle asigne o servizo correspondente poderá solicitar do técnico habilitado actuante o asesoramento técnico e a colaboración pericial a que se refire o artigo 63.3, o cal deberá acompañar o inspector actuante nas visitas

ou comprobacións posteriores que se realicen, cando así se requira.

2. Os técnicos habilitados, no exercicio das actuacións de comprobación e control das condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde a que se refire o artigo anterior, deberán:

a) Observar a máxima corrección nas súas actuacións e procurar perturbar na menor medida posible o desenvolvemento das actividades das empresas sometidas a comprobación.

b) Comunicarlles a súa presenza ao empresario, ao seu representante, aos traballadores designados ou técnicos do servizo de prevención da empresa e aos delegados de prevención nos termos previstos no artigo 40.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, para que o poidan acompañar nas súas visitas e formular as observacións que consideren necesarias.

c) Informar os delegados de prevención e o empresario sobre os resultados das súas visitas, nos termos previstos no artigo 40.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro.

d) Gardar segredo respecto dos asuntos que coñeza como consecuencia da súa actuación, así como sobre os datos, informes e demais antecedentes de que tivesen coñecemento no desempeño das súas funcións, nos termos previstos no artigo 10.

3. En todo caso, os ditos funcionarios estarán afectados polo réxime xeral de incompatibilidades da función pública e non poderán ter interese directo nin indirecto en empresas ou grupos empresariais obxecto da súa actuación, nin asesorar ou defender a título privado persoas físicas ou xurídicas susceptibles da acción inspectora, e deberanse abster de intervir en actuacións comprobatorias de concorrer calquera dos motivos do artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A abstención e recusación de funcionarios a que se refiren os artigos 28 e 29 da citada lei tramitaranse e resolveranse conforme a normativa na súa respectiva comunidade autónoma.

### CAPÍTULO III

#### Actuacións dos técnicos habilitados

##### Artigo 63. *Modalidades e formas de actuación dos técnicos habilitados.*

1. As actuacións dos técnicos habilitados desenvolveranse, no marco dos programas establecidos pola respectiva comisión territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social conforme o previsto no artigo 60.2, mediante visita aos centros e lugares de traballo, coa comparecencia do referido técnico nos ditos centros e lugares, e poderán ser efectuadas por un único técnico habilitado ou conxuntamente por máis dun, en función da planificación establecida.

Dado o carácter programado das actuacións dos técnicos habilitados, non lles serán exixibles outras actuacións á marxe dos servizos encomendados, salvo se, no curso da visita, houberse unha evidencia manifesta dun risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores; en tal caso, procederase conforme o previsto no artigo 62.1.b).

2. Cando, iniciadas as actuacións mediante visita, non sexa posible ou non teña obxecto a súa continuidade no propio centro visitado, por ser necesaria a realización de determinadas comprobacións de carácter documental, poderase continuar a actuación mediante a comparecencia dos suxeitos obrigados ante o técnico actuante, nas oficinas públicas onde aquel estea adscrito. Para tal efecto, poderá requirir tal comparecencia por escrito, con

ocasión da visita ou por calquera outra forma de notificación válida, e a achega documental necesaria en soporte papel ou en soporte informático sempre que resulte tecnicamente posible.

3. Con independencia da actuación a que se refiren os artigos anteriores, os funcionarios habilitados seguiránlle prestando asesoramento técnico e colaboración pericial á Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e nos termos desenvolvidos, de ser o caso, polo correspondente acordo bilateral a que se refire o artigo 17 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, respecto de actuacións non programadas, mediante a emisión de informes técnicos sobre os asuntos e actuacións concretas que os inspectores teñan sinalados, debendo acompañar estes, cando así o soliciten, na realización das súas visitas ou comprobacións. Neste caso, a dirección técnica e funcional das actuacións e a práctica de requirimentos, de ser o caso, ou a adopción doutras medidas correspondente ao inspector de Traballo e Seguridade Social actuante, e non procederá a expedición de actas de infracción por expediente administrativo en virtude de tales informes, senón como consecuencia da actividade despregada polo propio inspector.

4. Cando se trate de actuacións que afecten centros de traballo da Administración xeral do Estado, ou outros centros das administracións públicas sometidos ao procedemento administrativo especial de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, previsto no Regulamento sobre o procedemento administrativo especial de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e para a imposición de medidas correctoras de incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais no ámbito da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 707/2002, do 19 de xullo, a forma ordinaria de actuación dos técnicos habilitados será a prevista no punto anterior. Non obstante, cando se trate de centros ou lugares de traballo dunha comunidade autónoma, e esta prevea, mediante normativa propia, un procedemento distinto respecto do persoal civil ao seu servizo, conforme o establecido na disposición adicional segunda do referido regulamento, na redacción dada polo Real decreto 464/2003, do 25 de abril, observarase o que se dispoña na dita normativa.

**Artigo. 64** *Informes remitidos á Inspección de Traballo e Seguridade Social como consecuencia da actividade de comprobación e requirimento realizada polos técnicos habilitados.*

1. Os informes dos técnicos habilitados, nos supostos a que se refire o artigo 9.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cando se constate o incumprimento dun requirimento previamente formulado por aqueles, darán lugar á práctica de actas de infracción, que serán expedidas por inspectores de Traballo e Seguridade Social, de resultar procedente.

2. Para estes efectos, os informes dos citados técnicos habilitados, cando deles se deduz a existencia de infracción en materia de prevención de riscos laborais, deberán reflectir necesariamente:

- a) A identificación do funcionario actuante e a descrición da súa habilitación.
- b) Nome e apelidos ou razón social, domicilio, actividade, documento nacional de identidade ou número de identificación fiscal do empresario ou

empresarios que incumprisen o requirimento previo do funcionario.

c) A data da primeira visita e a do requirimento de emenda das deficiencias observadas, así como a data da segunda ou ulterior visita en que comprobouse o incumprimento daquel requirimento.

d) Os feitos e as circunstancias relativos ás deficiencias detectadas nas condicións materiais ou técnicas de seguridade ou saúde comprobadas na empresa ou centro de traballo conforme o artigo 60, así como o contido do requirimento para a emenda e os termos en que o funcionario actuante considere incumplido o dito requirimento. Estes feitos gozarán da presunción de certeza nos termos previstos no artigo 9.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

e) Os medios utilizados polos ditos funcionarios na súa comprobación e, de ser o caso, as probas de que dispoña.

3. Igualmente poderán informar, de forma separada e como observacións, doutros feitos e circunstancias que afecten a materia de prevención de riscos laborais pero que non estean incluídos no ámbito funcional das actuacións comprobatorias a que se refire o artigo 60, respecto ás cales non procederá a expedición da acta de infracción por expediente administrativo a que se refire o punto 7 deste artigo, ben que poderán dar lugar á realización de actuacións inspectoras, en exercicio das súas facultades de comprobación, de conformidade co establecido no referido punto.

4. O informe remitiráselle por vía telemática á Xefatura da Inspección de Traballo e Seguridade Social correspondente no prazo máximo de vinte días desde a data en que se comprobou o incumprimento do requirimento efectuado, sen prexuízo do envío na mesma data do expediente completo, no que, ademais do citado informe, se incluírá a documentación acreditativa dos datos, feitos e circunstancias incluídos nel, así como os informes, observacións previas ou medicións de contraste que puidese achegar a empresa.

5. Se o inspector de Traballo e Seguridade Social considerase que o relato de feitos contido no informe non é constitutivo de infracción ou é insuficiente para os efectos sancionadores, se apreciase a ausencia ou deficiencia dalgún outro extremo dos citados anteriormente, no prazo máximo de vinte días a partir da recepción do informe solicitará do funcionario actuante a súa emenda ou ampliación. Procederá o arquivo do expediente se non se remitise o informe complementario de emenda no prazo de quinze días hábiles desde a súa recepción, sen prexuízo de novas comprobacións.

6. No caso de que a Inspección de Traballo e Seguridade Social solicitase un informe ampliatorio de emenda de deficiencias, poderáselle comunicar simultaneamente tal circunstancia ao suxeito presuntamente responsable para os efectos de que este poida igualmente realizar as aclaracións pertinentes ou achegar a documentación que se sinale en cada caso sobre as cuestións que permitan finalizar as actuacións. Neste caso, o prazo a que se refire o artigo 17.1 entenderase ampliado polo tempo de dilación imputable ao suxeito inspeccionado, e interrompido o prazo de tres meses a que se refire o punto 3 do referido artigo 17.

7. Unha vez completado o expediente mediante a recepción do informe complementario do técnico habilitado ou, de ser o caso, das aclaracións pertinentes efectuadas polo suxeito presuntamente responsable, ou transcorrido o prazo para a súa emi-

sión, o inspector de Traballo e Seguridade Social actuante expedirá acta de infracción se o considerase procedente ou ben disporá o arquivo do expediente de forma motivada e comunicarllo ao órgano do que dependa o funcionario técnico que remitiu o informe, con devolución dos antecedentes, ou ben asumirá ata a súa conclusión a realización de actuacións inspectoras, conforme as súas propias facultades comprobatorias, mediante a práctica de visita ao centro ou lugar de traballo afectado, ou mediante comparecencia dos suxeitos presuntamente responsables.

**Artigo 65.** *Actos de obstrución aos técnicos habilitados.*

De os técnicos habilitados a que se refire este título se viren impedidos ou perturbados no exercicio das súas funcións de comprobación, ademais de cubrir os datos identificativos establecidos nas alíneas a) e b) do artigo 64.2, así como da data da visita ou da actuación comprobatoria, no informe que se emita relatarase sucinta e suficientemente a obstrución padecida, e suxeitaranse os prazos de informe, emenda ou ampliación e de práctica das actas de infracción ao establecido no artigo anterior.

**Artigo 66.** *Duración das actuacións.*

1. As actuacións dos técnicos habilitados estarán suxeitas aos prazos establecidos no artigo 14.2 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Se as actuacións comprobatorias culminasen posteriormente na expedición por un inspector de Traballo e Seguridade Social dunha acta de infracción por expediente administrativo baseándose no informe emitido polos técnicos habilitados a que se refire este título, o cómputo dos prazos previstos no artigo 17.2, para os efectos da expedición das ditas actas, iniciarase a partir da data en que o dito técnico comprobou e fixo constar, mediante dilixencia no libro de visitas ou outro documento análogo, o incumprimento do requirimento previamente efectuado.

3. Naqueles supostos en que, tras o envío do informe do técnico habilitado, o inspector actuante decida desenvolver actuacións propias conforme as facultades inspectoras que ten atribuídas, entenderase que se trata de novas actuacións, e respecto destas aplicaranse as regras xerais sobre cómputo dos prazos establecidas no artigo 17.2. Neste caso, as comprobacións previas efectuadas polos técnicos habilitados terán carácter de antecedente unicamente para os efectos dos feitos descritos no informe.

**Artigo 67.** *Constancia documental das actuacións e requirimentos realizados polos técnicos habilitados.*

Os requirimentos de emenda dos técnicos habilitados a que se refire este título, no exercicio das súas funcións de apoio e colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, formularanse por escrito conforme o previsto no artigo 43.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e poderanse reflectir mediante dilixencia no libro de visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social, ou a través dun documento oficial substitutivo, en que quede constancia da súa recepción, e contera os datos adecuados á súa finalidade e o prazo de emenda.

Igualmente, as visitas de comprobación das condicións materiais e técnicas de seguridade ou saúde que se realicen sen que dean lugar a requirimento,

na súa condición de técnicos habilitados, poderán quedar reflectidas no citado libro de visitas.

En todo caso, nas dilixencias referidas xunto á identidade do funcionario actuante, farase constar a mención «Técnico habilitado (artigo 9.2 e 3 e disposición adicional décimo quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro)».

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

Engádesse un capítulo VIII ao Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, coa seguinte redacción:

#### «CAPÍTULO VIII

**Procedemento sancionador derivado da actuación previa de funcionarios técnicos habilitados polas comunidades autónomas con competencias en execución da lexislación laboral, e do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo nas cidades de Ceuta e Melilla**

**Artigo 39.** *Actuacións comprobatorias dos funcionarios técnicos en prevención de riscos laborais e inicio do procedemento sancionador.*

1. Conforme o establecido no artigo 9.2 e 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, segundo a súa redacción dada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo de prevención de riscos laborais, os funcionarios públicos, técnicos en prevención de riscos laborais, dependentes das comunidades autónomas, así como os técnicos do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, cando se trate de lugares ou centros nas cidades de Ceuta e Melilla, no exercicio de accións de colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, poden realizar actuacións comprobatorias das condicións técnicas e materiais de seguridade das empresas e centros de traballo.

Para iso deben contar coa debida habilitación das autoridades autonómicas competentes, conforme o establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e as súas actuacións comprobatorias deberanse corresponder cos plans de acción programados establecidos pola respectiva comisión territorial, conforme o artigo 17.2 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. No caso dos funcionarios do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene, a dita habilitación será expedida pola autoridade central da Inspección de Traballo e Seguridade Social, por proposta do referido Instituto.

2. Cando os técnicos habilitados referidos no punto anterior, como consecuencia das actuacións de comprobación, expedisen un requirimento de emenda das deficiencias observadas, e en posterior visita de comprobación se deduza a existencia de infracción por incumprimento do requirimento previo, porano en coñecemento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, mediante informe en que se recollerán os feitos comprobados, para os efectos de que se levante a correspondente acta de infracción, conforme o previsto no artigo 9.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.



**Artigo 40. *Natureza e contido da acta de infracción.***

1. Cando a acta de infracción en materia de prevención de riscos laborais se expida á vista do informe emitido como consecuencia das actuacións practicadas previamente por funcionarios técnicos, habilitados polas administracións públicas a que se refire este capítulo, farase na acta expresa mención de tal circunstancia e indicárase que se actúa por expediente administrativo.

2. Neste suposto, a acta de infracción deberá reflectir o contido do punto 1 do artigo 14, e faranse constar os elementos suficientes de comprobación e de convicción para efectuar a proposta sancionadora, coas seguintes particularidades:

a) A identificación do empresario ou suxeito responsable será a prevista no punto 1.a) do artigo 14, ben que non exixirá o reflexo do código de conta de cotización ou do número de identificación de autónomos, ao se tratar dunha acta de infracción en prevención de riscos laborais.

b) Deberase consignar a identificación do técnico habilitado actuante que emitiu o informe con expresión da súa habilitación.

c) O relato dos feitos será o do correspondente informe sobre estes, conforme a comprobación realizada polo citado técnico habilitado, e consignáranse igualmente os demais datos contidos no informe que teñan relevancia para a tipificación e cualificación da infracción, e de gradación da proposta de sanción que o inspector considere procedentes.

d) Os medios utilizados polo funcionario técnico habilitado na súa comprobación.

e) A data e o contido do requirimento de emenda da infracción observada, emitidos polo técnico habilitado actuante, así como a data en que comprobou e fixo constar documentalmente o seu incumprimento.

Nos supostos en que o funcionario técnico actuante fose obxecto de obstrución nas funcións para as que está habilitado, a acta de infracción dará cumprimento, no que corresponda, ao disposto nas alíneas a) e c).

**Artigo 41. *Valor probatorio das actas de infracción expedidas como consecuencia de informes emitidos por funcionarios técnicos habilitados.***

As actas de infracción formalizadas conforme os requisitos establecidos no artigo 40 terán presunción de certeza respecto dos feitos reflectidos nelas que se correspondan cos que fosen constatados e reflectidos no seu informe polos funcionarios técnicos habilitados das administracións públicas, salvo proba en contrario, conforme o establecido no artigo 9.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e no artigo 53.5 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

**Artigo 42. *Tramitación e instrución deste tipo de expedientes sancionadores.***

Na tramitación dos expedientes iniciados polas actas de infracción a que se refire este capítulo seguirase a mesma tramitación e instrución de carácter xeral prevista no artigo 18, coa única particularidade de que, de se formularen alegacións que afecten o relato fáctico daquela, o órgano competente para resolver poderá solicitar informe ampliatorio do técnico habilitado que realizou as actuacións comprobatorias, que o emitirá en quince días.»

**Disposición adicional única. *Formación dos técnicos habilitados.***

A Administración xeral do Estado, a través da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos órganos competentes das comunidades autónomas respectivas, cooperarán no deseño e impartición de cursos específicos destinados aos técnicos habilitados por estas últimas, con especial incidencia en aspectos xurídicos relacionados coa normativa aplicable, co réxime de responsabilidades e coas obrigas dos empresarios sometidos a actuacións de comprobación e control, coas reformas operadas pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, co alcance e desenvolvemento das actuacións dos ditos técnicos, así como co procedemento sancionador que se pode iniciar como consecuencia das súas actuacións.

**Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social.***

Engádeselle un punto 4 ao artigo 23 do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, coa seguinte redacción:

«4. Dado o carácter singular das ordes de servizo, non serán exixibles outras actuacións á marxe do servizo encomendado. Non obstante, de o inspector apreciar, no curso da visita, a evidencia manifesta dun risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores, poderá ordenar a paralización inmediata de tales traballos ou tarefas, conforme o establecido no artigo 44 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.»

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo a disposición adicional única e a disposición derradeira primeira, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Dado en Madrid o 10 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN